

Asemblea aberta Liga Estudiantil Galega

Martes 11 de febreiro
ás 12.05h
no salón de actos
IES Gonzalo Torrente
Ballester



www.ligaestudiantilgalega.info



O vindeiro **20 de febreiro**, as organizacións estudiantís nacionalistas galegas **chamamos ao estudiantado** de ensino medio e universitario a **sumarse a unha folga** contra da LOMCE e os recortes no ensino. Baixo o lema **“En pé por un ensino público galego”** e cun manifesto asinado por Agir, a Liga Estudiantil Galega e os Comités, teremos unha nova oportunidade para **rexeitar masivamente este golpe de estado no ensino que o Partido Popular executa coa LOMCE**, os recortes nas axudas e na investigación e o aumento das taxas.

A mocidade galega ten que tomar a iniciativa e continuar coas dinámicas mobilizadoras, combatendo, como xa fixemos o pasado 24 cunha xornada de folga histórica, a quen busca privarnos dun **dereito que é de todo o estudiantado**.

Por iso, para eliminar a LOMCE e para loitar por un ensino público, galego, democrático, non patriarcal e de calidade animamos a todo o estudiantado da Galiza a secundar esta xornada de folga e a participar da mobilización convocada para ese mesmo día ás 12:00h na Praza da Peregrina.

MANIFESTACIÓN ÁS 12:00H NA PRAZA DA PEREGRINA



